



**BASES PRESENTACIÓN CANDIDATURAS:
I PREMIO OPEN DATA CPEIG**

**Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia**

CONTIDO

1	Introdución.....	3
2	Dotación do Premio.....	3
3	Ámbito da Convocatoria.....	3
4	Documentación.....	4
5	Lugar e Prazo de Presentación.....	5
6	Xurado.....	5
7	Publicación do Fallo e Entrega do Premio.....	5

1 INTRODUCCIÓN

A reutilización da información do sector público consiste no uso por parte de persoas físicas ou xurídicas de información xerada por organismos pertencentes ao mencionado sector, con fins comerciais o non.

Open Data e RISP constitúen elementos xeradores de emprego e riqueza ao abrir a posibilidade de novas oportunidades de negocio para emprendedores que poden crear novas aplicacións, servizos e produtos en base a esta información.

O futuro encamiñase na dirección de modelos de negocio *online* que evolucionan constantemente para satisfacer a inmediatez e a personalización da demanda actual. Isto, xunto coa clara tendencia dun consumo cada vez máis dixital, coloca ao sector empresarial ante un reto dunha enorme envergadura, pero tamén ante un abano de oportunidades.

Para fomentar o coñecemento e potenciar o espírito emprendedor na nosa comunidade nestas iniciativas, o CPEIG convoca o I Premio Open Data, aberto á presentación de candidaturas, e que tenta ser un estímulo para o desenvolvemento de aplicacións neste novo paradigma .

A convocatoria farase pública no portal www.cpeig.org, e a través dos medios de comunicación.

2 DOTACIÓN DO PREMIO

A dotación do premio é de 600€, para o proxecto gañador, 400€ para o segundo clasificado e 200€ para o terceiro.

O xurado poderá decláralo deserto en caso de que os proxectos presentados non reunan a calidade suficiente ou non cumpran os requisitos da convocatoria.

3 REQUISITOS DAS CANDIDATURA

As candidaturas deberán cumprir os seguintes requirimentos:

1. Os participantes farano a título persoal, no podendo representar a ningunha empresa.
2. Os proxectos poderán ser calquera tipo de sistema de información que proporcione un servizo á cidadanía, incluíndo entre outros, sitios web, *widgets*, *mashups*, aplicacións para dispositivos móbiles, etc.
3. Permítese a presentación de múltiples proxectos por cada participante.
4. Todos os proxectos deberán facer uso de información procedente de alomenos un conxunto de datos exposto por un organismo público español, a nivel estatal, rexional ou local. Os conxuntos de datos utilizados deberán ser ofrecidos pola administración pública correspondente baixo algún tipo de licenza de propiedade aberta que permita a súa redistribución, reutilización e aproveitamento con fins comerciais
5. Todos os proxectos deben proporcionar acceso público ao código fonte do mesmo.
6. Todos os proxectos deben estar accesibles para que a organización poida revisar o proxecto vía web cunha URL.
7. Os participantes aceptan que o acceso á aplicación sexa gratuíto e público como mínimo ata que o xurado teña fallado a totalidade dos premios.
8. Os proxectos poden facer uso de calquera librería, módulo, *plugin* o *framework* que se atope xa publicado no momento da apertura de inscricións.
9. Os proxectos que en opinión do xurado ou organización sexan ofensivos, difamatorios, xenófobos, machistas ou nalgún outro sentido vaian en contra do respecto ás liberdades civís e o respecto á dignidade das persoas, serán automaticamente descalificados.
10. Os participantes aceptan permitir que o CPEIG poida facer uso dos seus proxectos e a imaxe dos mesmos en campañas de difusión ou para calquera fin en liña cos obxectivos de promoción do Open Data e o Open Gov que ten o colexio.

4 DOCUMENTACIÓN

Aquelas persoas que desexen optar ao premio deben aportar a seguinte documentación:

- Ficha resumo do proxecto (segundo modelo).
- Resumo do proxecto, indicando os motivos para a concesión do premio (extensión máxima dous folios).

5 LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os documentos deben enviarse por correo electrónico a info@cpeig.org indicando no asunto **Premio Open Data CPEIG**.

O prazo de presentación da documentación remata o 12 de xuño de 2012.

6 XURADO

O xurado do premio estará composto por cinco membros: Presidente, Secretario e 3 vogais. Exercerán como Presidente e Secretario os cargos respectivos do CPEIG. Os vogais serán nomeados entre membros das comunidades universitaria, empresarial e da administración autonómica galega.

A decisión do xurado non poderá ser recorrida.

7 PUBLICACIÓN DO FALLO E ENTREGA DO PREMIO

Os candidatos presentarán e defenderán as súas candidaturas nun acto público que terá lugar o 14 de xuño no salón de actos do CERSIA, Avda. Fernando Casas Novoa s/n, 15707 Santiago de Compostela.

O fallo do xurado será publicado no portal do colexio www.cpeig.org